



# FUNDACIÓN INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA

CONSELLERÍA DE SANIDADE



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2023 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

A Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (en diante, a Fundación), constituída por escritura pública o 23 de Decembro de 1994, de acordo cos estatutos, aprobados polo Decreto 276/2001 do 27 de setembro de adaptación das fundacións sanitarias é disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e réxime orzamentario e administrativo, é unha Fundación pública, benéfica e docente, sen ánimo de lucro, con plena personalidade xurídica, que ten afectado de xeito duradeiro o seu patrimonio á consecución dos obxectivos previstos no artigo 5 daqueles, entre os que se atopan as seguintes actividades.

1. Servizos especializados e integrais en prestacións oftalmolóxicas recollidas na súa carteira

2. Asesoría e consultoría no desenvolvemento de novas prestacións diagnósticas e/ou terapéuticas.

3. Deseño e implantación de sistemas de corrección ocular.

4. Docencia e investigación en prestacións oftalmolóxicas e tecnolóxicas afíns.

Esta fundación foi clasificada como científico-sanitaria pola Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 1 de febreiro de 1995, e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais do 17 de febreiro de 1995. Foi ademais adscrita ao Protectorado da Consellería de Sanidade, figurando inscrita na sección correspondente do Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1995/1.

Segundo dispón o Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, da Consellería de Sanidade, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, a Fundación figura inscrita con número 15/002194.

#### I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E1	O RETO DEMOGRÁFICO

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E1	PA04	FORTALECER UNHA ASISTENCIA SANITARIA ACCESIBLE E DE CALIDADE

A Fundación acolleuse o 24 de xullo de 1997 á exención do Imposto de Sociedades por cumprir os requisitos esixidos naquel momento pola normativa en vigor (Lei 30/1994) derogada por la Lei 49/2002, que regula o réxime tributario das Fundacións.

Dentro do exercicio 2022 a Fundación levará a cabo actividades exentas de acordo cos artigos 6 e 7 da Lei 49/2002 non realizando actividade non exenta algunha.

Do mesmo xeito, e a efectos da Lei 12/2006 e da lei 49/2002, o obxecto da Fundación e ó que destinou todas as súas rendas, de acordo có artigo 5 dos seus Estatutos é o seguinte:

“Ten xenericamente por obxecto a prestación de servizos especializados de consultoría, planificación, avaliación e prestación de servizos oftalmolóxicos, docencia e investigación.

Todo elo quere dicir que a Fundación poderá desenvolver todas estas actividades xa que conforme a normativa están contempladas coma os seus obxectivos estatutarios, o que non lle obriga a que deba desenvolver necesariamente todas e cada unha delas en cada exercicio económico.

Para estes orzamentos non estima actividade investigadora economicamente valorada aínda que existe unha colaboración estreita na consecución e desenrolo de proxectos.

A Fundación INGO comprométese a ofrecer a asistencia oftalmolóxica dos pacientes afectados das enfermidades oftalmolóxicas recollidas na súa carteira, co fin de que este sexa efectivo e áxil, segundo criterios de:

1. Accesibilidade: facilitando e garantindo a recepción de todas as demandas, en referencia ós seus programas e a resposta ponderada en función dos recursos dispoñibles.

2. Equidade: adecuando a atención dos pacientes con criterios de urxencia/gravidade e de optimización de recursos.

3. Universalidade: dando resposta ás necesidades das persoas e familias con enfermidades oftalmolóxicas ou con risco de padecelas no conxunto do Servizo Galego de Saúde e proporcionando os servizos que cumpran as esixencias legais e/ou regulamentarias aplicables.

4. Calidade: potenciando a eficacia dos recursos humanos e tecnolóxicos da Fundación para asegurar unha resposta de calidade no servizo.

Así, o eixe ou obxectivo xeral do INGO para este exercicio será conforme ó Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

E1.- O reto demográfico

PA04 Fomentar unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

### I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2023	2024	2025
OE142	FOMENTAR A PROMOCIÓN DA SAÚDE: INTEGRACIÓN OPERATIVA CON OUTROS CENTROS NA INNOVACIÓN	287.616	314.229	324.923
OE144	AUMENTAR A EFICIENCIA FINANCEIRA E MELLORAR A XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO E SATISFACCIÓN DOS PROFESIONAIS OPTIMIZAR A XESTIÓN DOS RECURSOS E FILTRAR AS MELLORAS Á SOCIEDADE	260.290	235.671	243.693
OE141	PROMOVER A ATENCIÓN SANITARIA ADAPTADA ÁS NECESIDADES OPT. DA POBOACIÓN DE REFER.	877.243	897.203	905.223
	<b>TOTAL</b>	<b>1.425.149</b>	<b>1.447.103</b>	<b>1.473.839</b>

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2023	2024	2025
1	Manter e actualizar a atención especializada nas actividades coordinadas cos serv. hospitalarios	263.173	269.161	271.567
2	Facilitar información que responda a unha demanda crecente da poboación	131.586	134.580	135.784
3	Contribuir á diminución da lista de espera de oftalmoloxía na área de Stgo	219.311	224.301	226.306
4	Coidar da calidade da atención oft. mediante a medición de calidade na satisfacción do paciente	263.173	269.161	271.567
1	Colaboración coa asist. sanitaria mediante á area de contactoloxía coa subministración de Lentes terap.	201.331	219.960	227.446
2	Continuar co aproveitamento de sinerxias tecnolóxicas da Fundación	86.285	94.269	97.477
1	Promover o uso eficiente e responsable dos recursos ecos.	104.116	94.269	97.478
2	Lograr a optimización dos RRHH , involucrando ós profesionais e apoiando a I+D	52.058	47.134	48.738
3	Compromiso coa docencia colaborando coa formación de estudantes	52.058	47.134	48.738
4	Compromiso coa investigación, colaborando proactivamente coa mesma	52.058	47.134	48.738
	<b>TOTAL</b>	<b>1.425.149</b>	<b>1.447.103</b>	<b>1.473.839</b>

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2023	2024	2025	UNIDADES
ID1	% consultas oftam. realizadas de Lista de Espera	2.163	2.163	2.163	Pacientes
ID2	%de altas de consultas externas de L.E.	1.672	1.672	1.672	Pacientes
ID3	Actualización da WEB	1	1	1	Actualización
ID4a	Cumprimento da programación cirurx. catarata	525	525	525	Cirurxía de cataratas
ID4b	Reintervencións de cataratas	15	15	15	Máximo de reintervencións
ID5	Resolucións de reclamacións	96	96	96	Porcentaxe de reclamacións solucionadas

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2023	2024	2025	UNIDADES
ID6	Grado de satisfacción dos pacientes	150	150	150	Mostra de pacientes para a enquisa
ID7	Provisión e adaptación de lentes terapéuticas	90	90	90	Porcentaxe sobre 1.055 lentes
ID8	Adaptación de L. contacto para ectasia corneal	95	95	95	Porcentaxe sobre 70 lentes
ID9	Aproveitamento tecnolóx.das solicitudes recibidas	85	85	85	Porcentaxe das solicitudes recibidas
ID10a	Cumprimento de partidas orzamentarias	80	80	80	Porcentaxe do cumprimento de orzamento
ID10b	Cumprimento coa financiación do contrato -programa	98	98	98	Porcentaxe sobre 1.343.198.-€
ID11	Media de cursos/congr. en base do cadro de RRHH	6	6	6	Cursos/congresos
ID12	Titores en prácticas clínicas	4	4	4	Titores
ID13	Porxectos de investigacións e teses	2	2	2	Publicacións Q1-Q2 ou proxectos de investigación

Os obxectivos e indicadores da Fundación INGO están en harmonía e coherencia co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 e o contrato-programa aprobado para a entidade, e se desenrolan nos seguintes eixes, prioridades, obxectivos e indicadores.

#### EIXE EI

○ reto demográfico.

#### PRIORIDADE PA0.4

Fomentar unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

#### OBXECTIVO ESTRATÉXICO OEI.4.I

Promover a atención sanitaria adaptada ás necesidades oftalmolóxicas da poboación de referencia mediante un adecuado control da demanda oftalmolóxica centrada no paciente. Controis de calidade da asistencia, atención cidadán e participación comunitaria. Considérase un obxectivo de relevancia para o Servizo Galego de Saúde en beneficio de toda a poboación.

- OBXECTIVO OPERATIVO I.- Manter e actualizar a oferta de atención especializada naquelas actividades coordinadas cos servizos hospitalarios da rede pública de Galicia, de maneira que accións que se levan a cabo por parte da Fundación, vaian en achega á mellora da saúde oftalmolóxica da poboación e favorezan a lista de espera da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

- INDICADOR ID1: Porcentaxe de consultas oftalmolóxicas (screening) realizadas de lista de espera anuais en función da estimación orzamentaria= 1.967 pacientes. Mide o número de consultas de lista de espera anuais.

Ano 2023: Incremento do 10% de 1.967 = 2.163 pacientes.

- INDICADOR ID2: Porcentaxe de altas de consultas externas (proceso de consulta finalizado ou derivado a programas cirúrxicos) na prevención da saúde de pacientes de primeiras consultas de lista de espera= 1.967 pacientes. Mídense as altas de primeiras consultas de lista de espera anual.

Ano 2023: 85% de altas segundo as consultas estimadas orzamentariamente (85% de 1.967)= 1.672 pacientes.

- OBXECTIVO OPERATIVO 2.- Facilitar información que responda a unha demanda crecente da poboación asistencial actual galega. Co fin de concienciar á sociedade sobre algunhas enfermidades oftalmolóxicas e da importancia dun diagnóstico precoz, a Fundación desenvolverá información acerca dela na súa web, cos medios dos que dispoña e do xeito que considere máis oportuno (redes sociais, publicidade mediante cartellaría, pósters, etc). Na páxina web daráse publicidade a actividades incluídas na carteira de servizos de interese para a rede do Servizo Galego de Saúde:

- Contactoloxía clínica
- Láser excímer
- Electrorretinografía
- Terapia fotodinámica

- INDICADOR ID3: Promover a saúde oftalmolóxica mediante a actualización de contidos na web e información sobre enfermidades oculares. Mídese a actualización anual da páxina web de contidos e información sobre enfermidades prevalentes.

Ano 2023: Información sobre patoloxías de interese: catarata, queratocono e DMAE.

- OBXECTIVO OPERATIVO 3.- A cirurxía da catarata é a máis habitual na práctica oftalmolóxica da Fundación, sendo na actualidade, un dos procedementos cirúrxicos de referencia ó avaliar as listas de espera dos servizos hospitalarios. Intervenien numerosos axentes alleos ó INGO, como a lista de espera do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela ou a dispoñibilidade de quirófanos. Con este obxectivo a Fundación pretender contribuír á diminución da lista de espera cirúrxica de Oftalmoloxía na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

- INDICADOR ID4.a: Cumprimento da programación cirúrxica orzamentada anualmente : 500 cirurxías de catarata (incluído pre-operatorio e postoperatorio), condicionado á dispoñibilidade de quirófanos. Mídese o cumprimento total de quirófanos programados orzamentariamente.

Seguimento do protocolo do SERGAS para inclusión en lista de espera de cataratas.

Ano 2023: Incremento do 5% de 500 = 525 cirurxías.

- INDICADOR ID4.b: Re-intervencións de cataratas. Mídense as re-intervencións, nun número inferior a unha porcentaxe do total de cirurxías orzamentariamente programadas.

Ano 2023: = 3% de 525 = máximo de 15 re-intervencións (proporcional ó índice de complicación cirúrxica: suturas, procesos asociados de retina, glaucoma...)

- OBXECTIVO OPERATIVO 4.- Coidar da calidade da atención oftalmolóxica mediante a medición de valores de calidade na satisfacción do paciente. Neste contexto, a satisfacción do paciente facilita información interna sobre o modo en que a Fundación mellora a xestión e a imaxe da entidade. Deben terse en conta neste obxectivo tanto as queixas ou suxestións directas dos pacientes (as que proveñen de manifestacións explícitas por parte dos pacientes no programa determinado pola Consellería de Sanidade a tal efecto, é dicir, o paciente de maneira proactiva expresa a súa insatisfacción de maneira directa ben no noso centro, ben en calquera outro do Servizo Galego de Saúde) como as indirectas (recollidas a través de enquisas).

- INDICADOR ID5: Mídense as Reclamacións/ Suxestións atendidas no programa CONTACTE ou o que a Consellería dispoña ó efecto, en referencia ás recibidas.

Ano 2023: Resolver o 96% de reclamacións/ suxestións recibidas.

- INDICADOR ID6: Grao de satisfacción dos pacientes e medición da calidade do servizo.

Ano 2023: Análise do nivel de satisfacción cunha mostra de 150 pacientes de cirurxía de catarata.

#### OBXECTIVO ESTRATÉXICO OE1.4.2

Fomentar a promoción da saúde: Integración operativa con outros centros na innovación e desenvolvemento tecnolóxico en oftalmoloxía que permita aproveitar esas infraestruturas para cubrir as necesidades dos pacientes e profesionais sanitarios.

- OBXECTIVO OPERATIVO 1.- Colaboración coa asistencia sanitaria mediante a área de contactoloxía, coa subministración de lentes de contacto terapéutica nos casos de patoloxía comeal, actuando nesta técnica como provedor da lente a todo o complexo hospitalario de Santiago no seu servizo ordinario e no seu servizo de urxencias, adecuando a súa xestión de adquisición e provisión de lentes, ás necesidades do servizo.



Progresivamente cada ano irase incrementando o número de lentes de contacto indicadas como adaptacións terapéuticas, como apósito ou vendaxe, ou como reservorio de medicamentos.

A unidade de contactoloxía, única na rede do Servizo Galego de Saúde, está igualmente especializada na adaptación de lentes de contacto especiais para a corrección de Ectasias corneais (queratocono).

- INDICADOR ID7: Provisión e adaptación de lentes terapéuticas tendo en conta o límite de capacidade orzamentaria (máximo de 1.055 lentes terapéuticas). Mídese o número de lentes terapéuticas solicitadas polo servizo de oftalmoloxía e subministradas pola Fundación tendo en conta o límite orzamentado.

Ano 2023: 90% das solicitadas, a un máximo de un 10% sobre 1.055 = 1.160 lentes.

- INDICADOR ID8: Adaptacións de lentes de contacto para ectasia corneal atendendo ás solicitudes recibidas. Mídese o cumprimento completo (estudo previo, diagnóstico e adaptación) de lentes especiais en ectasia corneal atendendo ás solicitudes recibidas.

Ano 2023: 95% de 70 lentes = 66 lentes.

- OBXECTIVO OPERATIVO 2.- Continuar co compromiso de aproveitamento de sinerxías tecnolóxicas da Fundación, a través dos procesos de exploración e tratamento, que pon a dispoñibilidade do Servizo Galego de Saúde e a súa rede de hospitais. Algunha destas tecnoloxías como servizo único da rede do sistema de saúde galego. O INGO contribúe con tecnoloxía propia e única na Rede do Servizo Galego de Saúde en:

- Láser excimer / PTK, realización de tratamento con láser en lesións e patoloxía corneal.

- Crosslinking corneal: tratamento de patoloxía ectásica da córnea.

- Terapia fotodinámica: tratamento de enfermidades de retina-mácula.

- Electroretinografía multifocal.

- Retinografía de campo amplo.

- INDICADOR ID9: Aproveitamento tecnolóxico. Mídese o cumprimento das solicitudes de técnicas especiais recibidas.

Ano 2023: Atención do 85% das solicitudes recibidas.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO OEI.4.4.

Aumentar a eficiencia financeira e mellorar a xestión do capital humano e satisfacción dos profesionais. Optimizar a xestión dos recursos económicos e humanos e filtrar parte desta mellora á sociedade.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 1.-** Promover o uso eficiente e responsable dos recursos económicos, mantendo o equilibrio orzamentario e a autoxestión. Os gastos anuais responden fundamentalmente ás necesidades da actividade asistencial e aparecen detallados anualmente nos orzamentos da Fundación.

- **INDICADOR ID10.a:** Cumprimento das partidas orzamentarias. Mídese a porcentaxe de cumprimento ou realización real das partidas orzamentarias anuais en función das estimadas para ese exercicio.

Ano 2023: 80% de aproximación no cumprimento das partidas orzamentarias do ano 2023.

- **INDICADOR ID10.b:** Cumprimento do importe da financiamento do contrato-programa.

Ano 2023: 98% de 1.343.198.-€ (1.316.334.-€)

- **OBXECTIVO OPERATIVO 2.-** Lograr a optimización de recursos humanos, involucrando ós nosos profesionais na organización, e apoiando a investigación e docencia.

- **INDICADOR ID11:** Media de cursos/ congresos anuais segundo o cadro de persoal. Mídese a media dos cursos/ congresos aos que asiste todo o persoal ao longo do ano.

Ano 2023: 6 cursos/congresos.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 3.-** A Fundación ten un compromiso coa docencia, colaborando coa formación de estudantes, achegando ós futuros profesionais a realidade asistencial.

- **INDICADOR ID12:** Compromiso docente. Mídese o número de titores en prácticas clínicas da Facultade de Medicina e en prácticas clínicas da Facultade de óptica e optometría, ao longo do ano.

Ano 2023: 4 titores anuais (3 no primeiro cuadrimestre e 1 no segundo cuadrimestre).

- **OBXECTIVO OPERATIVO 4.-** A Fundación ten un compromiso coa investigación, colaborando de modo pro-activo, especialmente có IDIS, e achegando os medios necesarios para levar a cabo os proxectos de investigación relacionados coas enfermidades oftalmolóxicas.

- INDICADOR ID13: Proxectos de investigación/ publicacións/ participacións científicas. Mídese o número de teses doutorais e/ou publicacións anuais.

Ano 2023: 2 publicacións Q1 ou Q2 e/ou comunicacións, e/ou participacións na solicitude dun proxecto.

## I.2. Inversións

A tecnoloxía xoga un papel fundamental na actividade e calidade asistencial do INGO, así como nunha maior eficiencia e tempos de resposta, por iso, espéranse levar a cabo inversións descritas nos cadros que se xuntan para desenrolar de modo adecuado a actividade asistencial da Fundación o que permitirá tanto a actualización de equipos, coma a renovación dos equipos tecnolóxicos.

Para os exercicios 2024 e 2025 calcúlase por agora un investimento de cero euros sendo revisada en orzamentos posteriores.

## I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Concello de Santiago	661.531	719.040	44.578
<b>TOTAL</b>	<b>661.531</b>	<b>719.040</b>	<b>44.578</b>

A territorialización será 100% no concello de Santiago de Compostela independentemente do tipo de gasto a realizar.

## I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

#### INGRESOS

#### Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2023	2024	2025
Ingresos activ.propia aportada por Prezos públicos	56.508	62.065	63.596
<b>TOTAL</b>	<b>56.508</b>	<b>62.065</b>	<b>63.596</b>

As actividades da Fundación que xeran os ingresos baséanse na seguinte división de programas asistenciais e liñas de actividade de asistencia e cirurxía:

- Servizos especializados de consultoría, planificación e avaliación oftalmolóxica.
- Programa de técnicas especiais de exploración e diagnóstico por imaxe.

- Do segmento anterior do ollo.
- Do segmento posterior do ollo.
- b) Láser Neodimio Yag.
- c) Consulting oftalmolóxico.
- d) Programa de Contactoloxía e Rehabilitación Visual.
- e) Consultas de listas de espera.
- f) Programa de terapia macular (Diagnóstico e tratamento) Terapia fotodinámica.
- g) Anxiografía.
- h) Ecografía ocular/Biomicroscopía ultrasónica.
- i) Electroretinografía.
- b) Servizos de cirurxía oftalmolóxica.
  - Cirurxía refractiva/ terapéutica – Láser Excimer PRK e PTK.
  - Cirurxía da Catarata.
  - Cirurxía de vítreo-retina.
  - Crosslinking corneal.

Os Ingresos considerados neste apartado, todos eles en cumprimento do seu obxectivo social e en desenvolvemento das súas actividades na provincia de A Coruña, responden ós seguintes criterios:

- A Fundación obterá recursos doutras actividades asistenciais fóra de este “contrato programa” pero recoñecidas pola Consellería de Sanidade e que responden á figura de “Prezo público” debendo render contas delas á Xunta de Galicia. Ditos prezos son publicados no diario oficial de Galicia para coñecemento de todos os beneficiarios.

- Aínda que non son considerados coma ingresos de explotación nin vendas, require que figuren por último os ingresos correspondentes ó rendemento financeiro das súas contas aínda que dita consecución variará notoriamente dependendo tanto do comportamento do mercado como do saldo ordinario de tesorería a manter nas contas bancarias e depósitos que manteña a Fundación e pola situación actual do mercado non se prevén ingresos deste tipo.

Non se prevé ningún outro tipo de rendemento ou ingreso mercantil.

### Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Contrato-Programa Sergas	1.315.062	1.343.198	1.368.641
Donación Area sanitaria en cirurxía cataratas	88.199		
<b>TOTAL</b>	<b>1.403.261</b>	<b>1.343.198</b>	<b>1.368.641</b>

Por unha parte serán ingresos acordados mediante o “contrato-programa” entre a Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía e o Servizo Galego de Saúde e en virtude do cal desenvolve a súa actividade conforme ós criterios de planificación que con carácter xeral determine o Servizo Galego de Saúde, ó que corresponderá concretar as prestacións sanitarias que deba realizar, as súas actuacións complementarias ou de apoio, a fixación anual dos seus obxectivos e de actividades e a asignación dos recursos necesarios. Dito contrato será pactado en termos de orzamento total que deberá ser cumprido na súa totalidade, e que pode sufrir variacións ó longo do exercicio económico segundo os criterios da Administración a través das Consellerías. Inicialmente este importe para o exercicio que se está a estimar elévase a 1.368.641.-euros.

A Fundación estará aberta á recepción de subvencións e axudas para acometer as labores de investigación e ensaios clínicos propios do seu obxecto social, aínda que non ten prevista ningunha no momento da concepción deste orzamento. Si ó longo do exercicio obtívese algunha financiación para este tipo de actividade, esta sería posta en coñecemento dos organismos competentes e figuraría contabilizada na súa partida contable correspondente.

## GASTOS

### Gastos de persoal

	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Nº Empregados	19	18	10
Custo Total	612.596	648.777	661.531
Custo Medio	32.242	36.043	66.153

Para o desenvolvemento dos servizos, actuacións e obxectivos que se detallan nesta memoria a Fundación INGO comprométese a achegar, durante a vixencia do mesmo, os recursos humanos necesarios conforme ás directrices aprobadas pola Consellería de Facenda.

Os gastos de persoal engloban tanto os gastos de soldos e salarios coma os de seguridade social e corresponden segundo o cadro de persoal autorizado para 2023, a 10 traballadores a tempo completo co salario que marque tanto o estatuto marco como as ordenes de confección de nóminas correspondentes a ese exercicio.

A maiores do persoal aprobado pola Consellería de Facenda a Fundación dispón de:

a) Un efectivo na categoría de Adxunto Especialista (Facultativo Especialista en Oftalmoloxía) incorporado á Fundación como consecuencia do Concurso de traslados aberto e permanente 2019, convocado por Resolución do 29 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 234, do 10 de decembro de 2018). Esta incorporación produciuse na praza reservada da titular, ausente desde o 28 de agosto de 2010, por un nomeamento de libre designación noutro centro de gasto. Esta ausencia non foi cuberta por persoal substituto en ningún momento, polo cal non se tivo en conta anteriormente na relación de postos dotados no orzamento do cadro de persoal da fundación. Esta praza cúbrese orzamentariamente de forma temporal principalmente polas achegas destinadas ós seguintes conceptos:

- Gastos de persoal e seguridade social correspondentes ao posto “Grupo de xestión da función administrativa (N-A2-09) que se atopa actualmente nunha redución de xornada do 33,3%.

- - Gastos de persoal e seguridade social correspondentes ó posto “Traballadora social hospital” (N-A2-07) actualmente vacante dende a xubilación da titular do mesmo no ano 2018.

b) Así mesmo, o orzamento destinado a esta dúas partidas é o único dispoñible para cubrir os gastos de persoal e seguridade social do persoal substituto que sexa preciso contratar ao longo do exercicio. Neste sentido, foi seleccionado o traballador do INGO que ocupa o posto de Grupo Auxiliar da Función Administrativa para unha colaboración temporal por orde de servizo no Servizo Galego de Saúde e dado que se trata do único traballador da dita categoría na fundación, foi preciso realizar a oportuna cobertura do posto cun traballador substituto.

### Outras remuneracións ao persoal

Non se consideran neste orzamento outras remuneracións ó persoal, distintas das estipuladas anteriormente.

### Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025
Certificación gastos área sanitaria Stgo	421.424	421.838	292.217	320.985	320.985
Resto gastos exteriores	41.109	50.051	50.051	60.000	57.658
<b>TOTAL</b>	<b>462.533</b>	<b>471.889</b>	<b>342.268</b>	<b>380.985</b>	<b>378.643</b>

Entre os gastos exteriores consideramos os gastos de Asesoría, auditoría, subministracións, mantemento, e o concerto co Complexo Hospitalario de Santiago coma máis destacados.

Non temos en conta neste apartado, nin os gastos de inversións, nin os gastos de amortizacións, nin os gastos de aprovisionamentos.

Non se consideran neste orzamento outros gastos de servizos exteriores diferentes dos que aparecen nas contas anuais.

Non requiren maior aclaración.

### Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Dotación amortización	41.864	32.546	29.730
<b>TOTAL</b>	<b>41.864</b>	<b>32.546</b>	<b>29.730</b>

Non son necesarias aclaracións

### Subvencións concedidas pola entidade

Non existe ningunha cifra correspondente a esta partida.

#### I.4.2. Previsións Orzamento de capital

### ORIXES

#### Transferencias e subvencións de capital recibidas

Non existe ningunha cifra correspondente a esta partida.

#### Achegas patrimoniais

Non existe ningunha cifra correspondente a esta partida.

#### Financiamento alleo a longo prazo

Non existe ningunha cifra correspondente a esta partida.

### Remanente de Tesourería

	2021	2022
1. Fondos líquidos	3.498.143	3.409.999
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	0	0
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	61.145	0
Do orzamento corrente	61.145	
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		

	2021	2022
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	3.436.998	3.409.999
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	3.436.998	3.409.999

Non require aclaracións.

## APLICACIÓNS

### Adquisicións de inmovilizado non financeiroiro

ADQUISICIÓN S INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Equipos informáticos			5.600
Equipos médicos	5.698	17.674	7.478
Instrumental cirúrxico	0	0	6.500
Reparación sistema de climatización			25.000
Software informático	0	1.631	
<b>TOTAL</b>	<b>5.698</b>	<b>19.305</b>	<b>44.578</b>

As adquisicións de inmovilizado non financeiroiro son as mesmas que aparecen referidas no punto de investimentos necesarias para levar a cabo as actividades da Fundación INGO.

### Adquisicións de inmovilizado financeiroiro

Non existe ningunha cifra correspondente a esta partida.

## FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Tódolos investimentos referidos ó exercicio 2023 son coma gasto dese exercicio polo que non existen necesidades de financiamento de ningún tipo.



**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**Formulario F.01**

**FUND. INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA**

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) Activo non corrente		120	107	121
I. Inmovilizado intanxible		1		
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas		1		
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmovilizado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmoebles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens móbiles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmovilizado material		119	107	121
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material		119	107	121
3. Inmovilizado en curso e anticipos				
IV. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Inversións en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente		3.502	3.313	3.313
I. Existencias				
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia				
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar				
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos				
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas				
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**Formulario F.01**

**FUND. INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA**

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	1		
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	3.501	3.313	3.313
	1. Tesourería	3.501	3.313	3.313
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	<b>TOTAL ACTIVO ( A + B)</b>	<b>3.621</b>	<b>3.420</b>	<b>3.434</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario F.02

FUND. INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) Patrimonio Neto		3.560	3.420	3.434
A-1) Fondos propios		3.555	3.417	3.433
I. Dotación fundacional/Fondo social		445	445	445
1. Dotación fundacional/Fondo social		445	445	445
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas		3.210	3.210	3.210
1. Estatutarias		3.210	3.210	3.210
2. Outras reservas				
III. Excedentes de exercicios anteriores		-3	-100	-239
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)		-3	-100	-239
IV. Excedente do exercicio		-97	-139	17
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		5	3	1
I. Subvencións				
II. Doazóns e legados		5	3	1
B) Pasivo non corrente				
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		61		
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		61		
1. Proveedores		5		
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		56		
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas				
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		3.621	3.420	3.434

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**Formulario F.03**

**FUND. INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA**

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		1.757	1.425	1.425
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios		354	82	57
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións				
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio		1.403	1.343	1.369
d) Reintegro de axudas e asignacións				
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil				
3. Gasto por axudas e outros		-256		
a) Axudas monetarias				
b) Axudas non monetarias		-256		
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno				
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados				
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación				
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo				
6. Aprovisionamentos		-483	-413	-377
7. Outros ingresos de explotación				
8. Gastos de persoal		-613	-649	-662
a) Soldos, salarios e asimilados		-514	-543	-557
b) Cargas sociais		-99	-106	-104
c) Provisións				
9. Outros gastos de explotación		-463	-472	-342
a) Servizos exteriores		-463	-472	-342
b) Tributos				
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais				
d) Outros gastos de xestión corrente				
10. Amortización do inmovilizado		-42	-33	-30
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio		2	2	2
12. Excesos de provisións				
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado				
a) Deterioros e perdas				
b) Resultado por alleamentos e outras				
14. diferenca negativa de combinacións de negocio				
15. Outros resultados				
Gastos excepcionales				
Ingresos excepcionales				
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)		-97	-139	17
16. Ingresos financeiros				
a) De participación en instrumentos do patrimonio				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros				
17. Gastos financeiros				
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas				
b) Por débedas con terceiros.				
c) Por actualización de provisións				
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros				
19. Diferencias de cambio				
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros				
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro				
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro				
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)				
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		-97	-139	17
23. Imposto sobre beneficios				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)		-97	-139	17
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				
1. Subvencións recibidas				

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**Formulario F.03**

**FUND. INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA**

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	2. Doazóns e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	<b>B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)</b>			
	<b>C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>			
	1. Subvencións recibidas			
	2. Doazóns e legados recibidos	-2	-2	-2
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	<b>C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)</b>	-2	-2	-2
	<b>D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)</b>	-2	-2	-2
	<b>E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO</b>			
	<b>F) AXUSTES POR ERROS</b>	9		
	<b>G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL</b>			
	<b>H) OUTRAS VARIACIÓN</b>			
	<b>I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)</b>	-90	-141	15

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**Formulario F.04**

**FUND. INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN</b>			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-97	-139	17
2. Axustes no resultado	40	31	28
a. Amortización do inmovilizado (+)	42	33	30
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)	-2	-2	-2
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)			
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	3	-60	
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)			
c. Outros activos correntes (+/-)		1	
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	3	-61	
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.			
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-54	-168	45
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>			
6. Pagos por investimentos (-)	-6	-19	-45
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)			
c. Inmovilizado material (-)	-6	-19	-45
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-6	-19	-45
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN</b>			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio			
a. Aportacións a toción fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)			
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**Formulario F.04**

**FUND. INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)			
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	-60	-188	
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	3.561	3.501	3.313
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	3.501	3.313	3.313

